Guía Didáctica

Orientacións para o profesorado

1. - INTRODUCIÓN:

"Myths" é unha unidade didáctica creada por Juan Bautista Ramos Saíñas nunha licenza por formación para o curso 2013/14 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Destinatarios: Centrada nos contidos propios do primeiro curso de Educación Secundaria pero válida tamén para outros cursos da ESO a xeito de repaso, consolidación e/ou introdución a novos coñecementos sobre os temas aquí tratados.

Areas, contidos e competencias básicas: Abrangue contidos propios das áreas de Lingua Inglesa, Ciencias Naturais e Literatura. Na unidade preténdese traballar as catro destrezas necesarias para a adquisición dunha lingua estranxeira (Reading, Writing, Listening e Speaking) así como conceptos máis propios de temas transversais como o traballo en equipo.

Outra das intencións da unidade é a de dotar ao alumnado dunha serie de coñecementos básicos sobre o mundo anglosaxón, facendo especial fincapé en tres apartados: “Cities”, “Celebrities” e “Special Dates”.

Esta unidade pretende contribuír á adquisición das seguintes competencias básicas:

- ***Comunicación Lingüística**:* O conxunto das actividades interactivas e multimedia presentes nesta unidade van encamiñadas a mellorar as 4 destrezas da aprendizaxe da lingua inglesa.
- ***Tratamento da información e da competencia dixital:*** A unidade preséntase en formato dixital e require do alumnado aprender a manexarse cunha certa soltura.
- ***Competencia social e cidadán:*** Expresando as propias ideas e escoitando as alleas tanto no traballo cooperativo como na Caza do Tesouro. Esta competencia favorece tamén a comprensión da realidade histórica e social do mundo, así como a de coñecer festas e datas significativas culturalmente, neste caso co tema de “Earth Day”.
- ***Interacción co mundo físico:*** Mediante o apartado “Cities” e o vocabulario propio desta unidade: “Animals”.
- ***Competencia artística e cultural:*** Tanto a través do apartado “Extra Curricular” dedicado a mitos e lendas como a través da caza do tesouro, onde como traballo final solicítase un debuxo dun dos mitos clásicos.

- ***Aprender a Aprender***: O subapartado “Study Strategy” dentro de “Grammar”, pretende que o alumnado a use como boa práctica de aprendizaxe.
- ***Autonomía e iniciativa persoal:*** Responsabilizándose da elaboración das tarefas e proxectos propostos na unidade xa sexan individuais ou colectivos con confianza, creatividade e sentido crítico.

A unidade divídese en 9 apartados fundamentais:

- GRAMMAR: Nesta unidade trabállase co "Present Continuous", introducindo tamén a diferenza co "Present Simple".
- SONG: Con esta actividade “lúdica”, refórzase a estrutura gramatical aprendida.
- FUNCTIONS: Conversacións telefónicas
- VOCABULARY: Animals.
- EXTRA – CURRICULAR: Literatura: Mitos e lendas.
- WEB TASK: Treasure Hunt sobre mitos e lendas gregos e romanos.
- CITIES: Edinburgh.
- CELEBRITIES: John Lennon
- SPECIAL DATES: Earth Day.

Ámbito: Baséase fundamentalmente no uso do ordenador cun navegador web recente como Mozilla Firefox, Chrome, Opera, ou Safari como soporte básico de toda a unidade, aínda que tamén se presentan propostas concretas nalgunha actividade para o seu desenvolvemento no caderno do alumno ou outros soportes que o docente estime oportuno.

A excepción dun único apartado que require que a Unidade estea aloxada baixo un servidor web (consulte o documento técnico) o resto pode ser executado en calquera ordenador, mesmo naqueles que carezan de internet. Unicamente se necesitará unha conexión a internet para as ligazóns de consulta, por exemplo, dunha web de axuda, ou dun dicionario "online"; para visualizar as dúas actividades embebidas; ou para a consulta da lista de recursos da Caza do Tesouro.

Temporalización: Pensada para aproximadamente tres / catro semanas. Dada a organización máis habitual dos contidos do segundo curso da ESO, esta unidade sería a segunda do segundo trimestre. Non obstante teña presente que calquera dos seus apartados poden constituír un recurso independente e doadamente integrable na súa propia organización. Por exemplo, nesta unidade trabállase sobre unha celebración

especial: “Earth Day”, co cal vostede pode optar por realizar ese apartado xusto ao empezar unidade ou adiantar esas actividades para facelas coincidir con esa data específica (22 de Abril).

Interface: Moi sinxela, baseada nun menú despregable, situado na parte superior, dende o cal se pode acceder a cada un dos distintos apartados cun simple clic. Prestouse especial atención a que, nas actividades que puidesen requirir dun enlace externo, xa sexa a unha páxina de consulta ou ben a material embebido como poden ser as cancións, aparezan sempre nunha segunda ventá de forma que poida ser minimizada, realizar a consulta oportuna, ou reproducir / parar e volver ás actividades.

A continuación farei unha descrición detallada de tódolos apartados que compoñen esta Unidade Didáctica:

2.- GRAMMAR:

2.1 Study Strategy:

Nesta guía, traballamos coa formación e os usos do tempo verbal "Present Continuous". Ao premer en "form" pode ver esta pantalla:



Poña atención aos botóns que aparecen no fondo e á súa funcionalidade:

Permite mostrar/ocultar a grosa nas palabras clave do texto.

Oculta/mostra as palabras remarcadas en grosa.

As frechas permiten unha navegación ao seguinte/anterior texto.

Os dous primeiros botóns teñen unha intención didáctica importante, buscando un afianzamento maior do estudado por parte do alumnado, así como para a asimilación das palabras clave, que lles permitirá recoñecer como se forma e cando se usa o pasado simple en Inglés.

Debe ter presente que no momento en que preme no botón de "Ocultar/Mostrar as palabras remarcadas en grosa", o primeiro botón desaparece. Se quixese recuperalo tería que recargar a páxina, ou volver a ela tras avanzar ou retroceder a unha páxina anterior.

2.2 Gerunds:

Paquete con tres actividades para traballar coa formación do xerundio e as normas ortográficas básicas da forma *–ing.*



2.3 Mind Map:

Mapa conceptual para explicar a formación, os usos e as expresións temporais coas que se usa o "Present Continuous".



2.4 Listening activities:

Paquete con tres actividades onde se fai fincapé nos exercicios de listening relacionados co presente continuo.

2.5 Present Continuous:

Paquete con seis actividades para traballar coa formación do presente continuo nas súas diversas formas (afirmativa, negativa e interrogativa:

O alumnado pode en todo momento "moverse" polas distintas actividades que forman o grupo, ben a través do "índice de actividades" (números na marxe superior dereita), ben a través das frechas de "seguinte/anterior" (na parte inferior dereita). É importante ter en conta que, en calquera momento de execución deste grupo de exercicios interactivos, podemos obter un informe de avaliación do traballo desenvolvido, "**auto avaliación**", pulsando sobre o botón gris da esquina superior esquerda. Ten máis información sobre os paquetes de actividades no documento "**Manual do Usuario**".

Ao premer na auto-avaliación, podemos observar o número de intentos que realizou o alumnado, se rematou a actividade con éxito, cantos intentos precisou e os puntos obtidos. Se poñemos o cursor enriba do número aparecerá unha subtáboa, dándonos máis detalles desa actividade concreta.

2.6 Simple or Continuous?:

Paquete de seis actividades para traballar coa diferenza entre as dúas formas: O Presente simple e o Presente continuo.



Na actividade da imaxe, o alumnado debe corrixir os erros tanto na formación como no uso do presente continuo e a diferenza co presente simple. Unha vez rematado, debe premer no signo de interrogación para comprobar se a solución aportada é a correcta.

2.7 Quiz:

Nesta actividade individual que se abre no medio do espazo web, lévase a cabo un quiz con respostas tipo "multiple choice" para que o/a alumno/a demostre o que aprendeu sobre o traballado neste apartado gramatical:



3.- SONG:

O alumnado deberá escoitar a canción de Noa "We" para traballar a destreza de “listening” e ao mesmo tempo reforzar a estrutura do presente continuo e a diferenza co presente simple, xa que a canción contén bastantes exemplos dese tipo.

3.1 Audio

Premendo nesta opción aparecerá nunha ventá en pop-up un reprodutor embebido coa canción que poderemos parar, reproducir ou rebobinar ao mesmo tempo que realizamos as actividades.

3.2 ... 3.7 Actividades Interactivas

Ábrense na mesma ventá da Unidade Didáctica. Este grupo de seis actividades débense ir facendo ao mesmo tempo que se vai escoitando a canción. Fíxese que se aproveita a “escusa” da canción para seguir afondando no aspecto gramatical que se traballa nesta unidade, como xa se explicou con anterioridade.

A imaxe inferior corresponde por exemplo á actividade número 1:



4.- FUNCTIONS.

Con este apartado preténdese traballar e reforzar situacións de comunicación en lingua inglesa. Neste caso trátase a linguaxe típica das conversacións telefónicas.

4.1.- On the phone.

Premendo neste enlace abrirase nunha nova ventá un paquete con cinco actividades no que se traballan os diferentes aspectos e expresións da linguaxe usada tanto en conversacións telefónicas formais como informais.

4.2.- Phrasal verbs.

Premendo neste enlace ábrese un novo menú. No apartado “Guide” temos acceso a unha páxina web explicativa sobre os phrasal verbs máis comúns usados en conversacións telefónicas. E premendo no apartado “Exercises” ábrese un novo paquete con catro actividades para traballar e afianzar ese contido:



Na actividade da imaxe, o alumnado debe premer no pequeno reprodutor, escoitar a frase e escoller a preposición que debería usarse para completar esa frase. Logo, deberá premer no signo de interrogación para comprobar se a súa resposta é a correcta.

4.3.- Dictation.

Premendo neste enlace ábrese unha actividade de “listening” na pantalla central da unidade didáctica. O alumnado debe escoitar e reproducir con exactitude a frase proposta:



4.4.- Video.

Premendo neste enlace ábrese na pantalla central un vídeo embebido de “Youtube” sobre a linguaxe a usar segundo a conversación sexa formal ou informal. Pódese usar como simple mecanismo de aprendizaxe ou ben como unha actividade de “listening” ou incluso de “speaking”.

4.5.- Quiz.

Premendo neste enlace ábrese unha actividade na pantalla central. Nesta actividade o alumnado deberá demostrar o aprendido mendiante un “Quiz” de 10 preguntas.



5.- VOCABULARY: Animals

5.1.- Animals pictionary.

Premendo neste enlace abrirase na ventá principal da Unidade un “pictionary” cos animais que o alumnado deberá aprender para resolver as actividades. Facendo clic en calquera das imaxes, esta virá á fronte máis grande.



Fíxese que nesa imaxe “agrandada” podemos premer nas frechas para avanzar e / ou retroceder, premer na “X” para pechar a imaxe grande e premer na nota musical para que se abra un reprodutor que nos permita escoitar como se pronuncia esa palabra.

5.2.- Animals activities.

Premendo neste opción abrirase nunha nova xanela un paquete con nove actividades sobre animais. Fíxese que no paquete vai incluído unha ligazón a unha web sobre o Zoo de Edinburgo. Aí pode ver actividades, vídeos e incluso unha webcam apuntando ao oso panda do zoo. De calquera xeito, sempre podemos minimizar as actividades e volver á ventá principal onde está o pictionary que vimos no apartado anterior.



5.3.- Listening.

Premendo neste enlace abrirase nunha nova ventá un paquete con catro actividades, para seguir traballando co vocabulario relacionado con animais, desta volta a través de actividades de “listening”, co cal o alumnado tamén está traballando esa destreza.



Na actividade da imaxe, o alumnado debe premer no reprodutor para escoitar o nome do animal e logo escoller a imaxe que corresponde. Unha vez feito iso, deben premer no “?” para comprobar a súa resposta.

5.4.- Writing.

Premendo neste opción abrirase no espazo central da unidade unha actividade na que fundamentalmente traballaremos a destreza do "Writing". A proposta neste caso, é que o alumnado describa á súa mascota ou animal favorito. Vostede, como docente, pode optar por corrixirllo individualmente a cada alumno/a na propia aula.

Na imaxe seguinte vemos como funciona esta actividade multimedia:



5.5.- Speaking.

Premendo neste opción abrirase no espazo central da unidade unha actividade na que fundamentalmente traballaremos a destreza do "Speaking". A proposta neste caso, é que o alumnado escolla a imaxe dun animal e fale sobre el durante dous minutos.

Funciona igual que a anterior actividade:



Debe premer no signo “+” da esquina superior dereita. Abrirase unha galería de imaxes de animais, o alumnado debe escoller unha e trasladala ao espazo central.

5.6 Collaborative task.

Coa proposta deste traballo búscase a realización dun traballo cooperativo de toda a aula. O alumnado deberá investigar na rede para elaborar un álbum sobre os animais en perigo de extinción. Nesta actividade concreta vostede como docente, pode optar por facer este traballo vía “online” ou ben aproveitar a mesma temática e encargarlle ao seu alumnado un mural ou unha presentación sobre o mesmo tema. Se se decide por facelo “online” debe ler con atención **O DOCUMENTO TÉCNICO** que tamén se achega a esta unidade, xa que require dunha pequena intervención nos arquivos antes de iniciar o traballo (a intervención é sinxela e atópase amplamente detallada no citado documento).



No **MANUAL DO USUARIO** que vostede pode tamén consultar nesta unidade, ten unha ampla información sobre como resolver a actividade.

5.7 Animal records.

Vídeo embebido, con información sobre os animais máis rápidos, máis altos, máis fortes, etc. Ademais de traballar co vocabulario de animais, podemos usar o vídeo a xeito de revisión do tema de gramática dedicado aos superlativos..

5.8 Quiz.

Dez preguntas tipo test para comprobar se o alumnado adquiriu o vocabulario traballado na unidade:



5.9 Puzzle.

Para rematar este apartado de vocabulario, o alumnado deberá completar este quebracabezas antes de que o tempo remate. Facendo dobre clic en calquera parte da imaxe, o alumnado poderá vela completa.



6.- EXTRA CURRICULAR: Literature: Myths and Legends.

Dende este apartado inténtase fomentar a interdisciplinariedade. Neste caso, e aproveitando que o apartado de vocabulario propio da unidade ten que ver con animais, tomamos como modelo o tema de lingua e literatura: “Mitos e lendas”.

6.1.- Magical Creatures pictionary.

Premendo neste enlace abrirase na ventá principal da Unidade un “pictionary” cos mitos e criaturas máxicas que o alumnado deberá aprender para resolver as actividades. Facendo clic en calquera das imaxes, esta virá á fronte máis grande.



Premendo nas frechas avanzaremos ou retrocederemos á imaxe seguinte / anterior, e premendo na nota musical ábrese un reprodutor co que podemos escoitar como se pronuncia a palabra.

6.2.- Poster.

Premendo nesta opción abrirase na ventá principal unha imaxe interactiva. Pasando o rato por riba da imaxe atoparemos o nome da parte do corpo que queremos traballar.



6.3.- Myths and Legends:

Ao longo das oito actividades que compoñen este paquete de actividades, trabállase co vocabulario relativo a animais míticos, e lendas clásicas como o cabalo de Troia, Hércules ou os deuses gregos.



6.4.- Listening activities:

Ao longo das cinco actividades que compoñen este paquete de actividades, trabállase fundamentalmente a destreza de “listening”.



Nesta actividade en concreto, o alumnado debe premer no reprodutor para escoitar o son e logo seleccionar a imaxe que se corresponde con ese son. A continuación debe premer no “?” para comprobar a súa resposta

6.5.- Speaking:

Esta actividade ábrese no espazo central da unidade.



Movendo o cadrado gris da imaxe pequena veremos ampliado e con maior detalle tódolos elementos do debuxo. A proposta neste caso é que o alumnado faga unha actividade de produción oral: Debe recoñecer as diferentes criaturas máxicas presentes no debuxo e / ou describilas.

6.6.-The Little Mermaid: Reading

Premendo nesta opción ábrese no espazo central unha lectura de oito páxinas con unha adaptación clásico conto de Hans Christian Andersen, A pequena serea. Fíxese na imaxe inferior:



Como se explica no Manual do Usuario, para pasar páxinas basta con premer co rato nos laterais da páxina ou ben usar as frechas laterais do teclado.

The Little Mermaid: Activities

Premendo nesta opción ábrese un paquete con tres actividades sobre a lectura: Un resumo do capítulo, un quiz sobre a lectura e finalmente un quebracabezas.

6.7.- Quiz:

Na ventá principal da unidade, ábrese este test con formato "resposta múltiple" na que o alumnado debe demostrar o seu coñecemento sobre o aprendido.



6.8 Puzzle:

Para rematar dun xeito "lúdico" este apartado da unidade, o alumnado debe intentar facer este quebracabezas antes de que remate o tempo:

7.- WEB TASK:Treasure Hunt: Mythology

O alumnado debe buscar cos recursos proporcionados a resposta a 10 preguntas sobre a mitoloxía clásica. Os recursos xa están seleccionados para evitar confusas pescudas e proporcionan exactamente a información que queremos que lean, e non só a páxina principal dun sitio que os podería levar a perder demasiado tempo e enerxía. Unha vez feito isto, o alumnado debe responder á "Gran Pregunta". O obxectivo aquí é favorecer procesos de integración da información coa análise e reflexión de todo o aprendido.



8.- CITIES. Edinburgh.

Dende esta sección preténdese ampliar o coñecemento do alumnado sobre as principais cidades dos países de fala inglesa, nesta unidade Edimburgo, traballando diversos ámbitos da historia, cultura e idiosincrasia desa cidade.

8.1.- Edinburgh:

Este paquete consta de cinco actividades encamiñadas a incrementar o coñecemento da idiosincrasia e a cultura de Edimburgo. Ao longo destas actividades traballaremos os lugares máis representativos, que é o Edinburgh Military Tattoo e coñeceremos un pouco máis sobre Walter Scott co gallo do monumento presente na cidade. Fíxese que no paquete inclúense tres ligazóns para que o alumnado poida resolver sen problemas as actividades.



8.2. The Royal Mile:

A “Royal Mile” é o nome que recibe a avenida que comunica o Castelo de Edinburgo co pazo Holyroodhouse e que se sitúa en pleno corazón da zona antiga de Edinburgo. No percorrido da Royal Mile, de 1,8 km de longo ou unha milla escocesa (que é o que mide a Royal Mile), destacan varias atraccións características da cidade.

8.2.1 Map:

Mapa de Google embebido co que o alumnado pode facer unha visita virtual pola “Royal Mile”.

View Larger Map

8.2.2 The Royal Mile:

Paquete que consta de dúas actividades onde se traballa por un lado cun texto sobre a citada avenida e na outra actividade unindo os nomes de varios dos monumentos e edificios máis característicos. Fíxese tamén que o paquete consta cun enlace á páxina oficial: http://www.royal-mile.com/



8.3. Greyfriars bobby:

Enlazando o tema de vocabulario desta unidade (Animals) coa cidade de Edimburgo, cóntase neste apartado a historia deste can. “Greyfriars Bobby” foi un can da raza Skye Terrier que se fixo coñecido en Edimburgo no século XIX por permanecer xunto á tumba do seu dono, John Gray, durante catorce anos.

8.3.1 Reading:

Nesta lectura de dúas páxinas cóntase a historia do can:



8.3.2 Activities:

Neste paquete levaremos a cabo dúas actividades sobre a lectura: Un test para demostrar a comprensión e por último o puzzle dun can da mesma raza (Skye Terrier) que o can da lectura.

8.4. Edinburgh festival:

Ábrese na ventá principal da unidade un vídeo embebido dende Youtube que se pode usar a xeito de exercicio de listening sobre o famoso festival celebrado cada verán en Edimburgo.

8.5- Quiz:

Como xa vimos noutras seccións, o alumnado debe realizar este "quiz" con preguntas en formato "multiple choice" sobre Edimburgo.

8.6. Puzzle

Esta actividade ábrese no espazo principal da unidade. Para rematar a unidade dun xeito máis lúdico, o alumnado debe facer o quebracabezas co castelo de Edimburgo.

.

9.- CELEBRITIES: John Lennon

Neste apartado trabállase con personaxes famosos de distintos eidos, tanto no deporte, como na música, na política ou no cine. Nesta unidade, John Lennon.

9.1.- John Lennon:

Paquete con seis actividades onde se traballa a biografía e a discografía de John Lennon.



9.2.- The Beatles:

Paquete con tres actividades sobre os membros, os instrumentos que tocaba cada un e algunhas das cancións máis representativas dos Beatles.



9.3.- Collaborative Task:

Coa proposta deste traballo búscase a realización dun traballo cooperativo de toda a aula. O alumnado deberá investigar na rede para elaborar unha liña de tempo cos feitos máis significativos sobre a historia dunha das bandas máis grandes: The Beatles. Nesta actividade concreta vostede como docente, pode optar por facer este traballo vía "online" ou ben aproveitar a mesma temática e encargarlle ao seu alumnado un mural ou unha presentación sobre o mesmo tema. Se se decide por facelo "online" debe ler con atención **O DOCUMENTO TÉCNICO** que tamén se achega a esta unidade, xa que require dunha pequena intervención nos arquivos antes de iniciar o traballo (a intervención é sinxela e atópase amplamente detallada no citado documento).



9.4.- Stand by me:

Como mostra da produción discográfica de John Lennon, trabállase coa canción "Stand by me". Premendo na opción "Audio" ábrese no espazo central un vídeo embebido de Youtube coa canción. Premendo na opción "Activities" ábrese un paquete de actividades para traballar coa letra da canción.



9.5.- Quiz:

Como xa vimos noutras seccións, o alumnado debe realizar este "quiz" con preguntas en formato "multiple choice" para demostrar o aprendido sobre John Lennon.



9.6.- Puzzle:

Para rematar dun xeito máis “lúdico” este apartado da unidade o alumnado debe completar este quebracabezas.



10.- SPECIAL DATES: Earth Day

Neste apartado trabállase con datas importantes fara a formación integral do alumnado en base a competencias. Nesta unidade traballamos co día da terra (Earth Day) que se celebra cada ano 22 de Abril.

10.1.- Earth Day:

Paquete con dez actividades onde se traballa diversos aspectos: o quencemento global, o reciclaxe e o efecto invernadoiro.



10.2.- Earth song:

Para consolidar o aprendido, traballamos con esta canción de Michael Jackson

10.2.1- Video:

Ábrese no espazo central da unidade didáctica un vídeo embebido coa canción.

10.2.2.- Earth song:

Paquete que consta de catro actividades para traballar coa letra da canción:



10.3.- Video:

Vídeo embebido de Youtube cunha curta feita polos meus estudantes no IES Leliadoura para concienciar sobre a importancia de coidar o medio ambente. Pódese usar como actividade de listening ou ben simplemente para introducir o tema.

10.4.- Quiz:

Como xa vimos noutras seccións, o alumnado debe realizar este "quiz" con preguntas en formato "multiple choice" para demostrar o aprendido sobre o tema.



10.5.- Puzzle:

Para rematar dun xeito máis “lúdico” este apartado da unidade o alumnado debe completar este quebracabezas co deseño dun dos carteis do Earth Day.



Pobra do Caramiñal, 30 de Xuño de 2014